



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia do dereito

Materia	Historia: Historia do dereito			
Código	V03G720V01124			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Martínez Táboas, María Teresa			
Profesorado	Martínez Táboas, María Teresa			
Correo-e	teresam@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia, de formación básica, permitirá ao alumnado entender a evolución do noso ordenamento xurídico, así como obter unha mellor comprensión da realidade xurídica actual. Esta materia ten como obxectivo o estudo da evolución do Dereito español a través das distintas etapas histórico-xurídicas, dende o Dereito prerromano ata o Constitucionalismo e a Codificación.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O obxectivo desta materia é lograr que o alumno /a obteña un coñecemento da Historia do Dereito español e das institucións político-administrativas desde a antigüidade ata o Dereito actual.	

Contidos

Tema	
Tema 1. INTRODUCCIÓN. CUESTIÓN PRELIMINARES.	Historia e Historia do Dereito. Obxecto da Historia do Dereito. Historiografía Xurídica Española. Escola Histórica do Dereito.
Tema 2. O DEREITO PRERROMANO.	Os pobos da península antes da romanización: distribución xeográfica. Características do Dereito prerromano. Pactos de Hospitalidade. Os vínculos de submisión persoal: Clientela e "Devotio Ibérica". Sistemas de organización social, a estrutura matriarcal e patriarcal. Colonias fenicias gregas e cartaxinesas.
Tema 3. O DEREITO NA HISPANIA ROMANA.	Proceso de conquista e dominación. Pactos e Deditio. Latinidade e cidadanía. Concesións particulares e colectivas de cidadanía e latinidade. Ordenación provincial e municipal en Hispania. As Leis de Colonias e Municipios. As Leis mineiras: Os Bronces de Vîpasca.
Tema 4. O DEREITO NA ESPAÑA VISIGODA.	Os novos habitantes da península e a poboación hispanorromana. Fusión étnica e integración social e relixiosa. Aspectos económicos. Exame particular das fontes legais visigodas, séculos V ao VII. A Administración Central visigoda: Oficio Palatino e Aula Rexia. Asembleas políticas e eclesiásticas: O Senado visigodo e os Concilios de Toledo.

Tema 5. DEREITO MUSULMÁN.	A constitución do Al-Andalus. Fontes do Dereito musulmán. Administración Central. Administración Territorial e local. Organización xudicial.
Tema 6. DEREITO ALTOMEDIEVAL.	Reconquista e repoboación. Réxime señorial. Fontes do Dereito na España altomedieval.
Tema 7. DEREITO BAIXO MEDIEVAL E INTEGRACIÓN NORMATIVA.	Formación e recepción do "Ius Commune". Dereito romano Xustiniano, canónico e feudal. A nova orde xurídica: a Escola de Bolonia. Os Glosadores, e Comentaristas. A difusión do Dereito Común.
Tema 8. FORMACIÓN DOS SISTEMAS NORMATIVOS MEDIEVAIS DOS DISTINTOS REINOS HISPÁNICOS.	Castela: Unificación Xurídica baixo a obra legislativa de Alfonso X, o Sabio. Fontes. O Ordenamento de Alcalá. Economía e Comercio na Baixa Idade Media. O Dereito dos territorios de Aragón, Navarra, Cataluña, Mallorca e Valencia.
Tema 9. AS CORTES.	Orixe das Cortes. Transformación dunha curia en órgano parlamentario. A fórmula "Quod omnes tangit". Natureza e Competencias das Cortes. Constitución e funcionamento das Cortes. A Deputación de Cortes.
Tema 10. A MONARQUÍA NA IDADE MODERNA.	Tendencia á unificación xurídica. Decretos de Nova Planta Reformismo Borbónico.
Tema 11. O PROCESO RECOPIADOR DA IDADE MODERNA.	Recopilacións castelás: O Ordenamento de Montalvo. Libro das Bulas e Pragmáticas de Juan Ramírez. A Nova Recopilación. A Novísima Recopilación.
Tema 12. A CRISE DO ANTIGO REXIMEN. O ESTADO LIBERAL. O CONSTITUCIONALISMO E A CODIFICACIÓN EN ESPAÑA.	Constitucionalismo e Codificación. As Constitucións españolas. A Codificación do Dereito Penal. A Codificación do Dereito Mercantil. A Codificación do Dereito Civil. As Leis de Axuízamento Civil e Criminal.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	13	18	31
Lección maxistral	36	36	72
Estudo de casos	1	9	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	26	27
Traballo	1	3	4
Exame de preguntas obxectivas	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Análise dun feito, problema ou caso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Lección maxistral	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Non se debe confundir atención personalizada con tutoría académica (no Plan de Acción Titorial), xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno un titor desde o primeiro curso da carreira ata que finaliza os estudos universitarios, co obxectivo de ofrecer un soporte permanente e formal naqueles momentos nos que deba tomar decisións.
Resolución de problemas	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Non se debe confundir atención personalizada con tutoría académica (no Plan de Acción Titorial), xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno un titor desde o primeiro curso da carreira ata que finaliza os estudos universitarios, co obxectivo de ofrecer un soporte permanente e formal naqueles momentos nos que deba tomar decisións.
Probas	Descrición
Traballo	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Non se debe confundir atención personalizada con tutoría académica (no Plan de Acción Titorial)

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	<p>Probas nas que se presentan situacións ou problemáticas xa dadas ou que poden darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións da situación etc.</p> <p>Resultados de aprendizaxe: O obxectivo desta materia é lograr que o alumno/a obteña un coñecemento da Historia do Dereito español e das institucións político-administrativas desde a antigüidade ata o Dereito actual. É obrigatorio a asistencia efectiva ao 75% das clases prácticas. A avaliación destes casos farase recollendo tres prácticas de forma aleatoria.</p>	20	
Exame de preguntas de desenvolvemento	<p>Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que posúe sobre o contido da materia. A resposta debe ser extensa. A proba será oral, e realizarase ao final do cuadrimestre, na data aprobada pola Xunta de Facultade do Centro. Para aprobar, é necesario obter nesta proba, a nota mínima dun 2 sobre 4. Unha resposta en branco ou calificada con 0 puntos, impedirá a superación desta proba. Unha vez obtida, poderanse acumular a ela, as restantes cualificacións das demais metodoloxías.</p> <p>Resultados de aprendizaxe: O obxectivo desta materia é lograr que o alumno/a obteña un coñecemento da Historia do Dereito español I e das institucións político-administrativas desde a antigüidade ata o Dereito actual.</p>	40	
Traballo	<p>Nesta proba solicitarase a realización dun traballo en equipo, e a súa exposición pública, dun tema concreto asignado polo profesor/a (así como a previa entrega do mesmo por escrito). Avaliarase o contido e a exposición oral ante o profesor/a e o resto dos compañeiros.</p> <p>Resultados de aprendizaxe: O obxectivo desta materia é lograr que o alumno/a obteña un coñecemento da Historia do Dereito español e das institucións político-administrativas desde a antigüidade ata o Dereito actual</p>	10	

Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Esta proba non é liberatoria da materia.	30
-------------------------------	---	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA: será o resultado de sumar a nota obtida no exame de preguntas de desenvolvemento (segundo os requisitos anteriores) ás demais probas (casos, traballos e exame de preguntas obxectivas).

As cualificacións obtidas no estudo de casos/análises de situacións, nos traballos e no exame de preguntas obxectivas manteranse soamente nas probas da avaliación das convocatorias de maio-xuño/xullo do curso académico.

No caso de non superar a materia na primeira oportunidade, o alumnado deberá presentarse en segunda oportunidade a un exame oral de preguntas de desenvolvemento que terá unha valoración do 70%, e ha de obterse un mínimo de 3,5 sobre 7. Neste caso poderá ser acumulada a avaliación continua, se a houbese.

AVALIACIÓN FINAL: Os alumnos/as que por motivos persoais ou profesionais renuncien expresamente á avaliación continua, deberán facelo no prazo de dez días hábiles, unha vez pasado un mes desde o inicio do segundo cuatrimestre. Neste caso, perderán as cualificacións obtidas ata ese momento nas probas realizadas. Con todo, terán dereito ás seguintes opcións:

- Nas probas de avaliación de maio-xuño/xullo, poderán realizar xunto co exame oral de resposta extensa (70% da nota) no que se esixe a obtención dunha nota mínima de 3,5 sobre 7, un estudo de casos, (20%) para poder optar ao 90% da cualificación total.

- O 10% restante da cualificación obterase mediante un traballo obrigatorio fixado oportunamente polo docente.

Deste xeito, poderán conseguir o 100% da cualificación final.

Esta opción realizarase a seguir do exame final.

Os alumnos que elixan a convocatoria de fin de carreira serán avaliados polo sistema de cualificación anterior, e aínda que non se lles conserva a nota de avaliación continua, por ser unha convocatoria de seguintes anos académicos, terán a oportunidade de poder realizar xunto ao exame final, as opcións antes mencionadas para obter o 100% da cualificación.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante, á que se dará publicidade mediante a súa publicación na páxina web do Centro, e no cronograma que se facilitará a través da plataforma informática.

O alumnado **Erasmus** alleo que curse esta materia será avaliado mediante unha proba de preguntas obxectivas (tipo test que supoñerá o 40% da cualificación final, sempre que se obteña unha nota mínima de 2 sobre 4), unha proba oral de preguntas de desenvolvemento (30%), as prácticas (20%), e o traballo (10%).

Así mesmo, o alumnado con necesidades especiais poderá ter unha avaliación específica, de conformidade co disposto na normativa e Protocolo de Discapacidade da Uvigo.

Durante a realización das probas de avaliación o alumnado ten a obriga de desenvolver un comportamento xurídico e eticamente correcto, tal como dispón o artigo 65 b) do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, no que foron aprobados os Estatutos da Universidade de Vigo. E cumprir co establecido no artigo 47.2 f) da Resolución do 7 de maio de 2021 pola que se aproba o Regulamento de estudantes desta universidade. E o art. 39 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023).

As titorías poden ser consultadas ou solicitadas na seguinte ligazón

https://matricula.uvigo.es/Docentes/Tutorias_Nuevos/

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Escudero López, J. A, **Curso de Historia del Derecho. Fuentes e institucións político-administrativas**, 4ª, 2012
 Santos Coronas, **Manual de Historia del Derecho**, 1999

Alvarado Planas, J, y otros, **Lecciones de Historia del Derecho y de las Instituciones**, 1ª, 2002

Pérez- Prendes Muñoz-Arraco, J. M.,, **Historia del Derecho Español**, 1999

García-Gallo, A., **Manual de Historia del Derecho Español**, 1987

Bibliografía Complementaria

López Nevot, J A., **Manual de Historia del Derecho**, 2018

Anuario de Historia del Derecho español, BOE,

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103

Dereito: Dereito romano/V08G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/V08G081V01102

Outros comentarios

Esta guía docente é de aplicación no Grao en ADE-DEREITO ao ser a mesma profesora a encargada de impartir a materia de Historia do Dereito.
